

I.E.S.	Escolas Proval
Localidade	Nigrán



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE
Linguas Clásicas

Componentes do departamento	Materia/s
Xefa: María Isabel Álvarez Baños	Latín e Grego 1º Bach Latín e Grego 2º Bach
Mariola Guisasola Martínez Irene Collazo Martínez	Cultura Clásica 3º ESO Cultura Clásica 4º ESO

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:

O I.E.S. Escolas Proval está situado no centro do Val Miñor, na estrada que une A Ramallosa con Gondomar, a 100 metros da autoestrada AG57 Vigo- Baiona, a uns 2 km de Gondomar, 3 km de A Ramallosa, 4 km de Nigrán, 5 km de Baiona e a 24 km de Vigo, nun edificio singular de grande valor histórico.

Hai autobuses entre o Instituto, Ramallosa e Vigo (Liña Vigo Gondomar por Ramallosa, con paradas en Florida, Gran Vía e Estación de Autobuses) cada hora en ámbolos dous sentidos.



OFERTA EDUCATIVA:

Curso 2015-2016			
ESO (Educación Secundaria Obrigatoria)			
1º LOMCE	Grupo A		Grupo B
2º LOE	Grupo A		Grupo B
3º LOMCE	Grupo A		Grupo B
4º LOE	Grupo A		Grupo B Grupo C (DC)
Bacharelato			
1º LOMCE	Grupo A Ciencias Sociais	Grupo B Humanidades	Grupo C Ciencias
2º LOE	Grupo A CC Sociais e Humanidades		Grupo B Ciencias e Tecnoloxía
Ciclos Formativos de Formación Profesional Específica			
Rama Administrativa			
FP Básica	1º Sevizos Administrativos		
	2º Sevizos Administrativos		
CF Grado Medio	1º Xestión Administrativa		2º Xestión Administrativa
CF Grado Superior	1º Administración e Finanzas		2º Administración e Finanzas
Rama Electrónica			
CF Grado Medio	1º Instalacións de Telecomunicacións		2º Instalacións de Telecomunicacións
CF Grado Superior	1º Mantemento Electrónico		2º Mantemento Electrónico
TARDE-NOITE			
ESA (Ensinanza Secundaria de Adultos)			
Módulo 1-2	Módulo 3-4 A	Módulo 3-4 B	
Ciclos Formativos			
CM Instalacións de Telecomunicacións (Ciclo Completo)			
CM Xestión Administrativa (Modular)			

ÁMBITO LEGAL:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE).
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

As vantaxes e oportunidades que nos ofrece a presente Lei de Educación (LOE), modificada pola Lei 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), as esixencias e necesidades cada vez máis pluriculturais da nosa sociedade, xunto coas directrices establecidas polo Consello de Europa, son tres claves significativas que quedan reflectidas nesta programación.

A finalidade do noso proxecto é, en primeiro lugar, conseguir que o alumnado adquira todas as competencias marcadas pola LOMCE centrándonos, como é lóxico, na competencia en comunicación lingüística e facendo especial fincapé nas competencias sociais e cívicas, aprender a aprender e sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Por outra parte, incorporar o conxunto de elementos transversais, recollidos tamén pola LOMCE, ao proceso de aprendizaxe. Como é de esperar, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC, traballaranse intensamente ao longo de todo o proceso, pero tamén terán cabida a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos, rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia, respecto ás vítimas do terrorismo, o desenvolvemento sostible e o medio, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia...

Así mesmo tivemos en conta cambios tan significativos e evidentes como a globalización e o impacto das novas tecnoloxías, repercutindo directamente nos alumnos á hora de aprender, de comunicarse ou de realizar unha tarefa. Elementos que se converteron nunha prioridade e nunha ferramenta clave respectivamente no proceso de aprendizaxe, non só na etapa á que fai referencia este documento, senón ao longo de toda a vida.

O profesorado creará as condicións esenciais para que se produza a aprendizaxe atendendo particularmente á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumno e á busca do desenvolvemento do talento de cada un deles. Preparará e organizará o traballo, axudando no desenvolvemento deste; coordinará acción, impulsando actitudes positivas, captando e desenvolvendo o interese do alumno cara ao novo e a creatividade, intervindo de forma activa e reflexiva, e tratando os erros como signos de progreso. Pola súa banda, o alumnado debe participar de forma activa no seu proceso de aprendizaxe, sendo, como define a LOMCE, o centro e a razón de ser da educación.

COMPETENCIAS BÁSICAS / COMPETENCIAS CLAVE:

A implantación da LOMCE implicou moitos cambios. Un deles é a modificación das oito competencias básicas do currículo, que pasan a ser sete e a denominarse competencias clave. A nova lei renomea lixeiramente algunhas das anteriores, xunta as relativas ao mundo científico e matemático, e elimina a autonomía persoal para substituíla por sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Deste modo, axústase ao marco de referencia europeo.

Competencias básicas LOE	Competencias clave LOMCE
1 - Competencia en comunicación lingüística. 2 - Competencia matemática. 3 - Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico. 4 - Tratamento da información e competencia dixital. 5 - Competencia social e cidadá. 6 - Competencia cultural e artística. 7 - Competencia para aprender a aprender. 8 - Autonomía e iniciativa persoal.	1 - Comunicación lingüística (CL). 2 - Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT). 3 - Competencia dixital (CDIX). 4 - Aprender a aprender (AA). 5 - Competencias sociais e cívicas (CSC). 6 - Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEE). 7 - Conciencia e expresións culturais (CEC).

COMPETENCIAS CLAVE	INDICADORES	DESCRIPTORES
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Coidado do ámbito ambiental e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> - Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso. - Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. - Respectar e preservar a vida dos seres do seu ámbito. - Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para o futuro.

	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. - Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo fronte ao seu coidado saudable.
	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. - Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos medios (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...). - Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece a noso redor e responder preguntas.
	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e usar os elementos matemáticos básicos. - Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. - Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> - Organizar a información utilizando procedementos matemáticos. - Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. - Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

COMPETENCIAS CLAVE	INDICADORES	DESCRIPTORES
<i>Comunicación lingüística</i>	Comprensión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Manter unha actitude favorable cara á lectura.
	Expresión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. - Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> - Respetar as normas de comunicación. - Manexar elementos de comunicación non verbal nas diversas situacións comunicativas.
	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> - Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta. - Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiás. - Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos. - Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

COMPETENCIAS CLAVE	INDICADORES	DESCRIPTORES
<i>Competencia dixital</i>	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar distintas fontes para a busca de información. - Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. - Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> - Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. - Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. - Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

COMPETENCIAS CLAVE	INDICADORES	DESCRIPTORES
<p><i>Conciencia e expresións culturais</i></p>	<p>Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. - Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. - Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
	<p>Expresión cultural e artística</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos. - Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián. - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

COMPETENCIAS CLAVE	INDICADORES	DESCRIPTORES
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución. - Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. - Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. - Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. - Involucrarse ou promover accións cun fin social.

COMPETENCIAS CLAVE	INDICADORES	DESCRIPTORES
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. - Asumir as responsabilidades encomendadas. - Ser constante no traballo. - Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> - Xestionar o traballo do grupo. - Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos. - Dar prioridade á consecución de obxectivos de grupo sobre os intereses persoais.
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema. - Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. - Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.
	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar recursos para a consecución de obxectivos. - Mostrar iniciativa persoal para iniciar accións novas. - Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos. - Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

COMPETENCIAS CLAVE	INDICADORES	DESCRIPTORES
<i>Aprender a aprender</i>	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... - Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. - Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> - Planificar os recursos necesarios e os pasos que se han de realizar no proceso de aprendizaxe. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

A AVALIACIÓN INICIAL:

A avaliación, segundo Terry D. Tenbrink, (*Avaliación: guía práctica para profesores*, Narcea, 1981) é o proceso polo que se obtén información e se usa para formar xuízos que á súa vez se utilizan na toma de decisións. Isto é, precisamente, o que pretendemos realizar coas avaliacións iniciais do alumnado nos primeiros días de clase. A finalidade desta avaliación é ter constancia do nivel de competencia curricular que posúen os alumnos e alumnas, os seus hábitos de traballo e, a partir de aquí definir a proposta curricular máis adecuada, en función dos obxectivos marcados e das competencias que debe lograr alcanzar. A avaliación inicial debe ser considerada, por conseguinte, como unha avaliación de diagnóstico, que non pode atender soamente a un único aspecto do proceso educativo (xeralmente, o nivel de coñecementos previos que dunha materia ten o alumno/a), senón que ten que abranger a todos os aspectos do proceso de aprendizaxe (coñecementos, procedementos, habilidades, actitudes, valores) pero, mesmo, a outros factores "non formais" que, habitualmente non avaliamos, pero que forman parte da bagaxe do alumnado como os seus intereses, as súas fortalezas e as súas potencialidades.

Este carácter diagnóstico debe realzar a transcendencia que normalmente se lle dá, polo que, creemos, debe evitarse a formulación intuitiva e non planificado que se emprega na maior parte das ocasións, para pasar a ser "un proceso reflexivo e sistemático que permita tomar decisións para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe e corroborar a súa adecuación ás necesidades educativas do alumnado" (Fernández Tilve, M.D. e Malvar Méndez, M.L., 2007: "*A avaliación inicial nos centros de Secundaria*", Revista Galego-Portuguesa de Psicología e Educación, n.º 11, páxina 11). Ademais, máis que un trazo calificador debe ter un carácter planificador e máis que controlador, orientador. É por iso polo que se fai preciso planificala convenientemente coa finalidade de recoller toda a información útil posible tanto a nivel individual coma de grupo.

Así, pois, teremos que comezar por preguntarnos cales son os elementos que deben ser incluídos nestas avaliacións iniciais. Segundo M^a D. Fernández Tilve e M. L. Malvar Méndez (op.cit.) os aspectos que se deberían recoller nesta avaliación inicial serían:

Características do alumno/a	<ul style="list-style-type: none">• Actitude• Motivación• Intereses• Estilo de aprendizaxe• Habilidades sociais• Autoconcepto
Ámbito social e familiar	<ul style="list-style-type: none">• Datos destacables da familia: actitude fronte a problemas personais do seu fillo/a• Datos destacables do ámbito social

Contexto educativo	<ul style="list-style-type: none"> • Aula: dinámica grupal • Centro: historia escolar • Profesorado
Competencia curricular	<ul style="list-style-type: none"> • Áreas instrumentais: <ul style="list-style-type: none"> - Lectura - Escritura - Resolución de problemas • Coñecementos e procedementos básicos de cada materia

Como podemos observar, trátase dunha gran cantidade de información cuxa recompilación que superaría a tradicional avaliación que se realiza nestes primeiros días. Debemos de ter en conta que este proceso non pode ser só labor dunha persoa se non dun equipo, que moita desta información debería estar en mans do profesor antes de realizar a avaliación da súa materia e ser compartida por todo o equipo docente antes de realizar as reunións de avaliación e mesmo ter unha unidade de criterios para a realización da avaliación e un modelo de avaliación entre todo o profesorado.

Na nosa opinión, dun xeito sucinto, cremos que para realizar esta avaliación inicial teriamos que considerar as seguintes fases ou partes:

1. Elaboración do perfil socio-afectivo do alumno/a: Nesta fase teríanse que detectar os intereses, gustos, preferencias, do alumno/a, o seu estado de ánimo, as súas actitudes, a imaxe que ten de si mesmo e do grupo. Para elaborar este perfil podiamos utilizar, ademais do consabido cuestionario, outros elementos que se identificarían como autoavaliación, tales como a elaboración dunha presentación que podería expoñerse en clase (co que avaliaríamos competencias diversas), unha liña do tempo ou un álbum fotográfico.
2. Perfil familiar: Cun sinxelo cuestionario, recolleríamos información de interese aos pais e nais sobre aspectos persoais do alumno/a. Esta información é moi importante para coñecer a evolución persoal do alumno nos sucesivos anos. Podería ser recollida polo Departamento de Orientación ou o propio titor.
3. Traxectoria escolar: Recoller información sobre a súa traxectoria académica anterior para predeterminar cales son os seus aspectos fortes e as súas debilidades máis notorias.
4. Perfil académico: Nesta fase teriamos que aplicar diversas ferramentas tendentes a proporcionar as claves curriculares de cada alumno/a, o nivel académico que posúe en cada competencia que vaiamos traballar ou en disciplinas particularmente.
5. Recompilación e análise da información.
6. Diagnóstico da situación (de cada alumno e do grupo) e valoración da necesidades e recursos dispoñibles así como das metodoloxías máis axeitadas.
7. Adaptación da programación ao diagnóstico realizado.

XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN:

O estudo do Latín, xunto co do Grego, é obrigada porta de entrada para uns estudos humanísticos serios e constitúe, no campo das linguas, unha fonte inesgotable de reflexión e inspiración debido ás altas culturas a que pertencen e ás súas ricas e elaboradas estruturas.

Posto que o imperio romano abrangueu case a totalidade de Europa, ademais de parte de Asia e de África, implantando nas súas provincias a cultura do Lacio, inspirada en gran parte pola extraordinaria cultura grega, encontramos nas linguas europeas un importante substrato grecolatino que, en certo xeito, as unifica. É por iso que en universidades de nacións europeas como Francia, Alemaña, Inglaterra, Italia (por nomear algunhas) se cultivaron e séguense cultivando con dedicación.

O latín e o grego non son só declinacións e alfabetos. Estas dúas materias inclúen hoxe un amplo abano de coñecementos que engloba ciencia, política, economía, pensamento ou literatura. O obxectivo do seu estudo é mostrar aos alumnos as súas raíces culturais e lingüísticas. A utilidade da cultura e as linguas clásicas susténtase nos seguintes argumentos:

- **Coñecemento do español e das linguas peninsulares.**

• **Aprendizaxe de idiomas.** . O ensino das linguas clásicas imita os métodos didácticos dos idiomas modernos. Cunhas nocións básicas de latín é máis doado entenderse cos falantes de calquera outra lingua románica (italiano, portugués, francés, catalán, galego, etc.). Recordemos que o latín foi como o inglés fai non tantos séculos.

• **Preparación universitaria.** Toda a creación da linguaxe científica parte das linguas clásicas. Coñecer o significado e a orixe das palabras é particularmente útil para os estudantes de medicina ou de bioloxía.

• **Formación intelectual e laboral.** As linguas clásicas ensinan a pensar, a ter criterios propios. A comprensión e tradución de textos clásicos é un adestramento para analizar e interpretar os elementos de calquera situación por complicada que resulte. Isto enlaza coa idea clásica de que "os humanidades axudan a formar persoas, non só profesionais".

• **Acceso á literatura latina e grega.** A produción literaria do mundo greco-romano encóntrase na orixe da bagaxe cultural de Occidente. Quen non coñece o latín e o grego queda excluído de case toda a transmisión cultural europea no curso de máis de quince séculos en todos os campos.

CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS:

O proceso de ensino/ aprendizaxe ha de realizarse mediante as seguintes actividades, que aplicaremos en cada unidade:

1. Actividades de introdución e coñecementos previos.
2. Actividades de desenvolvemento. Son as que permiten acceder aos coñecementos, os procedementos ou as novas actitudes.
3. Actividades de síntese-resumo.
4. Actividades de recuperación, consolidación e ampliación. Oriéntanse, sobre todo, á atención á diversidade.
5. Actividades de avaliación.

A aplicación destas actividades aterase aos seguintes principios básicos:

- Selección de textos accesibles ao nivel dos alumnos.
- A correcta interpretación dun fragmento implicará a súa contextualización, a análise dos aspectos gramaticais que nel aparecen e a captación e comentario da mensaxe que nel aparece.
- Dada a dificultade de presentar textos orixinais para a transmisión de todos os conceptos culturais da unidade, recorrerase tamén á lectura de fragmentos traducidos ou bilingües de autores clásicos.
- O comentario de texto irá, sempre que iso se considere axeitado, acompañado de material audiovisual: mapas, gráficos, transparencias, diapositivas, vídeos, etc.
- O estudo dos aspectos lingüísticos e culturais debe ser simultáneo.
- A asimilación dos contidos lingüísticos e culturais terá o dobre obxectivo de comprender a sociedade e a cultura gregas e romanas e coñecer a súa pervivencia no mundo occidental.

3º ESO LOMCE

MATERIA	Cultura Clásica
PROFESOR	Mariola Guisasola Martínez

OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

Ver en que medida o presente é resultado do pasado.

Descubrir aqueles fenómenos culturais que, partindo do pasado, seguen vivos na actualidade.

Recoñecer a orixe grecolatina das linguas oficiais de Galicia e das faladas na meirande parte de España e Europa.

Identificar os elementos lingüísticos e culturais que subxacen na cultura europea.

Utilizar axeitadamente o manexo de fontes antigas diversas, contrastando o seu contido e forma coas modernas.

Estudiar a lingua latina como instrumento para a adquisición doutras linguas antigas e modernas.

Recoñecer os elementos básicos da civilización clásica na cultura local, hispánica e europea nas súas diferentes manifestacións.

Identificar o ámbito xeográfico no que se espallou a cultura clásica e como foi evolucionando ao longo do tempo.

Comprender e disfrutar daqueles fenómenos da cultura grecolatina que seguen conformando o contorno cultural no que de atopa o alumnado.

Desenvolver a actividade do alumnado coa lectura e comentario de obras grecolatinas.

CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓN

PRIMEIRA AVALIACIÓN

- Mitoloxía (Visión completa do panteón clásico, o ciclo de Troia, Hesiodo).
- Xeografía (As vías romanas en Hispania).
- Lingua (Linguas indoeuropeas. Alfabeto grego e latino. Etimoloxías).
- O calendario romano.
- Literatura. (Xéneros literarios: a épica. *A Iliada*, *a Odisea* e *a Eneida*).

SEGUNDA AVALIACIÓN

- Mitoloxía (O ciclo de Tebas: Edipo e Antígona).
- O exército en Roma.
- Maxia grega.
- Lingua (Declinacións en latín. Etimoloxías. Verbo *sum*).
- Literatura (O xénero teatral: traxedia e comedia en Grecia e Roma).

TERCEIRA AVALIACIÓN

- Mitoloxía (Metamorfosis de Ovidio).
- Arte (Arquitectura, escultura e pintura no mundo clásico).
- Lingua (Declinacións en grego. Verbo *eimí*).
- Literatura (A novela: Petronio e Apuleio).

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A aprendizaxe da Cultura Clásica vai contribuír ao desenvolvemento desta competencia na medida que axuda a coñecer a orixe da matemática moderna, xa que moitos dos principios e teoremas que se empregan actualmente foron desenvolvidos polos matemáticos gregos. Tamén moitas das ciencias tiveron o seu primeiro desenvolvemento na Antigüidade, como a xeografía, a zooloxía, a botánica ou a astronomía. Ademais, o coñecemento de étimos grecolatinos presentes na linguaxe matemática axuda a mellorar a comprensión de conceptos, enunciados e outros contidos científicos e matemáticos.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Xerar criterios persoais en torno á visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).

Comunicación lingüística

A aprendizaxe da materia contribúe á adquisición e traballo desta competencia coa lectura e comprensión de fontes escritas, coa elaboración e análise de textos, coas exposicións orais sobre diversos temas, coa utilización dun vocabulario moi amplo ao ter que manexar termos que proveñen do grego e do latín principalmente. Ademais, o alumno poderá afondar na comprensión da propia lingua e no uso desta como elemento esencial para a comunicación e para a adquisición de coñecementos.

Adestrar os descritores indicados garántenos unha maior comprensión por parte do alumnado, o que nos leva a un coñecemento profundo e a adquirir con gran destreza aquilo que nos propoñemos.

Os descritores que priorizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: queda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para darlle un mellor uso.

Competencia dixital

Esta materia contribúe a esta competencia posto que a súa dimensión histórica e cultural favorece que o alumnado utilice as novas tecnoloxías para seleccionar de forma adecuada diversas fontes de información, analízalas e interpretalas, valorar a súa validez e fiabilidade e traballar de xeito colaborador sobre os materiais seleccionados. Ademais, tamén fomenta a presentación de traballos en soporte dixital e favorece o desenvolvemento das habilidades necesarias para a súa exposición de forma autónoma que lles permita chegar a conclusións novas e resolver situacións de forma orixinal, sentíndose autores e protagonistas dos resultados e conclusións obtidos.

Para iso, neste área traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Empregar varias fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

Conciencia e expresións culturais

Por medio da Cultura Clásica o alumnado aprende a apreciar manifestacións culturais e artísticas en xeral (literatura, pintura, escultura, arquitectura, dereito, institucións políticas, historia, filosofía...); a valorar feitos culturais, como a mitoloxía ou a relixión, que forman parte da tradición da nosa civilización; a recoñecer o concepto da estética e a beleza; a ampliar a súa visión do mundo con visitas a museos e exposicións, co coñecemento doutras linguas e outras culturas, co teatro, a ópera, a música, etc. Todo iso contribúe, sen dúbida, á adquisición desta competencia.

Para iso, neste área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e do cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.

Competencias sociais e cívicas

Esta competencia adquirese ao entender a civilización grega e romana como creadoras dos dereitos e deberes dos individuos e os grupos e dos mecanismos que aseguran a súa participación na vida pública. O estudo desta materia desenvolve no alumnado actitudes de cidadáns activos e comprometidos mediante a comprensión do noso pasado, o estudo da configuración social e política, os acontecementos máis destacados da súa historia, o seu concepto de ocio e de traballo e a influencia que todo iso tivo na configuración da sociedade actual en todas as súas dimensións. A tolerancia, a capacidade de respectar as diferenzas e o diálogo como base dos acordos son algunhas das destrezas que o alumnado tamén adquire grazas ao papel mediador de Grecia e de Roma.

Os descritores que adestraremos son os seguintes:

- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza que supón a diversidade de opinións e ideas.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Respectar os distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Esta materia contribúe a fomentar a autonomía e iniciativa persoal na medida que se utilizan procedementos que esixen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. A exposición de traballos individuais ou en grupo e a realización de debates implican valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, e non se render ante as dificultades. En definitiva, achega posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.

Os descritores que adestraremos son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Dar prioridade á consecución de obxectivos de grupo fronte a intereses persoais.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.

Aprender a aprender

O estudo desta materia contribúe a que o alumno sexa consciente de que ao longo da historia da humanidade o home sempre estivo a aprender e baseou a aprendizaxe nos coñecementos anteriores. Esta competencia supón ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe, pero tamén ter unha visión estratéxica dos problemas e saber prever e adaptarse aos cambios que se producen cunha actitude positiva.

O descriptor que adestraremos é:

- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

O alumno en calquera caso deberá ser quen de:

Situar no espazo e no tempo os fenómenos máis relevantes da civilización grega e da romana que permanezan vivos no contorno, confeccionando mapas e situando nos mesmos o desenvolvemento do imperio romano, as diferentes divisións administrativas de Hispania, as vías de comunicación e os topónimos latinos con especial atención a Gallaecia.

Identificar, agrupar e caracterizar prefixos e sufixos de orixe latina e grega, e analizar os helenismos e os latinismos da linguaxe científica e técnica e mesmo da linguaxe habitual, nas linguas galega e castelá.

Identificar os principais cambios no vocalismo e no consonantismo dende o latín ás linguas romances.

Relacionar semanticamente cultismos e palabras patrimoniais con palabras latinas orixinais.

Aplicar os coñecementos teóricos á resolución práctica de problemas (traducir frases e textos latinos sinxelos).

Descubrir nas obras de creación das diferentes épocas da cultura occidental os principais mitos grecolatinos, os distintos estilos arquitectónicos, escultóricos e pictóricos do mundo clásico.

Recoñecer determinados costumes de hoxe ou tradicións aínda vivas á luz de textos ou situacións do mundo clásico.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Como principio metodolóxico fundamental trataremos de fuxir da mera exposición de conceptos como do aprendizaxe memorístico e procurar a participación activa do alumno. Debemos poner en contacto a súa cultura coa propia do mundo clásico. O procedemento, sempre que sexa posible, será:

- Buscar no presente datos relacionados co tema a tratar e presentalo ós alumnos.
- Trasladarnos ó mundo clásico e ofrecerlles unha imaxe clara e concisa da materia a estudar.
- A partir do obtido e do que o alumno coñece por si mesmo ou acaba de coñecer coas explicacións do profesor, establecerá e buscará solucións e conexións entre o a súa realidade e a do mundo clásico.

Do aquí exposto pódese deducir que a aprendizaxe cimentarase esencialmente sobre a percepción, a reflexión e a resolución de exercicios.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliarase o progreso do alumno mediante a valoración do traballo na clase mediante a corrección de exercicios, e realizarase unha proba obxectiva por avaliación.

O exame suporá o 60% da cualificación obtida polo alumno, e as notas obtidas na presentación das súas tarefas e traballos ata un 40%. O valor das probas estará condicionado segundo o alumno cumpla coas competencias clave, conditio sine qua non o profesor considerará cumpridos os obxectivos e asimilados os contidos no proceso de ensino e aprendizaxe.

Farase un exame de recuperación por avaliación, e os alumnos con algunha avaliación pendente terán que superar unha proba global teórico-práctica ó remate do curso, que neste caso suporá o 100% da nota final, atendendo tamén á consecución das competencias clave.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Fotocopias e libros, vídeos e diversos materiais audiovisuais. Uso da biblioteca escolar.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Coma obxectivos que persigan a atención ás diferencias individuais entre os alumnos, prantexamos:

- Practicar aqueles contidos nos que na aprendizaxe os alumnos adoitan amosar máis dificultades e presentan un nivel menos homoxéneo.
- Ampliar e profundizar na análise daqueles contidos que poidan responder a unha variedade de capacidades, intereses e motivacións por parte dos alumnos.

4º ESO LOE

MATERIA	Cultura Clásica
PROFESOR	Irene Collazo Martínez

OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO / CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓN

Os mesmos que en Cultura Clásica 3º.

COMPETENCIAS BÁSICAS

No marco da proposta realizada pola Unión Europea, e de acordo coas consideracións expostas na LOE, identificáronse oito competencias básicas:

1. Competencia en comunicación lingüística.
2. Competencia matemática.
3. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
4. Tratamento da información e competencia dixital.
5. Competencia social e cidadá.
6. Competencia cultural e artística.
7. Competencia para aprender a aprender.
8. Autonomía e iniciativa persoal.

As súas características principais son:

- Fomentar o desenvolvemento de capacidades.
- Considerar o carácter aplicativo das aprendizaxes. Unha persoa competente, preparada, é quen de resolver os problemas en todo tipo de situacións.
- Propiciar o carácter interdisciplinar e transversal.
- Conseguir que os alumnos desenvolvan ao máximo as súas capacidades nun marco de calidade e equidade; converter os obxectivos xerais en logros concretos, adaptar o currículo e a acción educativa ás circunstancias específicas en que os centros se desenvolven, conseguir que os pais e as nais se impliquen na educación dos fillos. Os coñecementos, destrezas e actitudes que todo individuo precisa para o seu desenvolvemento persoal e a súa inserción na sociedade e no mundo laboral, deberán estar desenvolvidas ao acabar a ensinanza obrigatoria e servir de base para unha aprendizaxe ao longo da vida.

Contribución da área ao desenvolvemento das competencias básicas.

Se a área de lingua e literatura se orienta á adquisición de destrezas que permitan o uso pleno da lingua nun amplo abano de contextos, é evidente que constitúe o ámbito privilexiado para o progreso da competencia en comunicación lingüística en toda a súa extensión.

Porén, hai outras competencias básicas con que garda unha relación moi estreita. Así sucede, coa competencia social e cidadá. Desde esta materia é obrigado facilitar, a través do traballo con diferentes tipos de textos e situacións de comunicación, a aproximación crítica á realidade, así como o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís.

O traballo das destrezas dialóxicas prepara para compartir e respectar saberes e referencias culturais. Ademais, redunda na mellora da práctica de normas sociais de convivencia, no emprego da negociación para chegar a acordos.

En canto á competencia no tratamento da información e dixital, a súa relación con lingua latina e literatura ten dúas dimensións complementarias: duna banda, cómpre aprender a utilizar unha serie de ferramentas que hoxe en día se presentan en soportes variados e que lles permitirán ás alumnas e aos alumnos mellorar as súas habilidades e obter información verbo da área que nos ocupa: desde as máis estritamente lingüísticas, como dicionarios, correctores ortográficos..., ata as relacionadas coa materia dun xeito menos exclusivo (enciclopedias, xornais dixitais...), pasando por outras de corte literario (bibliotecas virtuais, catálogos de publicacións...).

Doutra banda, a lingua mesma é unha ferramenta: aquela con que os cidadáns e cidadás nos enfrontamos á crecente cantidade de información de que se dispón. Con ela podemos e debemos seleccionar, analizar criticamente, organizar, relacionar e sintetizar esa información co fin de transformármola en coñecemento.

Disponse de competencia cultural e artística se se crean, comprenden, aprecian e valoran con criterio manifestacións estéticas. Nesta área, isto concrétase sobre todo no ámbito literario, mais tamén no coñecemento e valoración da riqueza cultural.

En canto á competencia para aprender a aprender, desenvólvese ao contribuír a linguaxe á estruturación do pensamento e ao control da aprendizaxe; en concreto, ao perfeccionar a lectura comprensiva, a composición de resumos e de esquemas que organicen as ideas, a interpretación das informacións lingüísticas dos dicionarios, a exposición e as conclusións sobre tarefas académicas, etc. Tamén contribuír decididamente o valorar a lectura e a escrita como fontes de enriquecemento propio.

A autonomía e iniciativa persoal promóvense co contacto activo e continuo con distintos espazos de comunicación: a lectura de obras literarias que estimulen a imaxinación e fomenten a creatividade; o uso progresivamente autónomo dos medios de comunicación social, das tecnoloxías da información e da comunicación (en diante, TIC) e da biblioteca para aprender a manter unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas; a localización e selección de información, etc.

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mesmos que en Cultura Clásica 3º.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A mesma que en Cultura Clásica 3º.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os mesmos que en Cultura Clásica 3º.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os mesmos que en Cultura Clásica 3º.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As mesmas que en Cultura Clásica 3º.

1º BACHARELATO LOMCE

MATERIA	Latín I
PROFESORA	María Isabel Álvarez Baños

OBXECTIVOS DE LATÍN I	COMPETENCIAS QUE CONTRIBÚE A DESENVOLVER
1. <i>Identificar as principais realización e fitos históricos do pobo romano e comprobar as distintas formas en que o legado romano evidencia a súa presenza no mundo de hoxe.</i>	CDIX AA CSC SIEE CEC
2. <i>Recoñecer os elementos de la herdanza latina que permanecen no mundo actual e consideralos como unha das claves para a interpretación deste.</i>	CL CDIX AA CSC CEC
3. <i>Valorar as achegas do espírito clásico como elemento integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas, estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo ao que o alumno pertence.</i>	CL CDIX AA CSC SIEE CEC
4. <i>Recoñecer a influencia da historia e o legado de Roma na conformación dos pobos e nacións de Europa, fomentando con iso actitudes de tolerancia e respecto cara a outros pobos.</i>	CL CDIX CSC SIEE CEC
5. <i>Desenvolver o sentimento de pertenza á unidade política, social e cultural que é Europa, en cuxa base está o mundo latino, con actitudes de tolerancia e respecto cara os seus distintos pobos e os doutras zonas do mundo.</i>	AA CSC SIEE CEC

<p>6. <i>Identificar os elementos léxicos e principais procedementos de composición e derivación do latín.</i></p>	<p>CL CMT CDIX AA</p>
<p>7. <i>Recoñecer os elementos léxicos da herdanza latina que permanecen nas linguas romances faladas polo alumnado.</i></p>	<p>CL CMT CDIX AA</p>
<p>8. <i>Reflexionar sobre os elementos fundamentais que constitúen as linguas e as súas influencias mutuas no espazo e no tempo, recoñecendo as relacións entre as estruturas da lingua latina e as doutras linguas que se derivan ou foron profundamente influidas por ela, e recoñecendo compoñentes significativos desta herdanza (flexión nominal, pronominal e verbal).</i></p>	<p>CL CMT CDIX AA CEC</p>
<p>9. <i>Coñecer e utilizar os aspectos fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina, iniciándose na tradución de textos sinxelos.</i></p>	<p>CL CMT AA CSC</p>
<p>10. <i>Identificar e valorar as principais achegas da lingua latina como instrumento transmisor da cultura.</i></p>	<p>CL CDIX AA CSC CEC</p>
<p>11. <i>Recoñecer o papel integrador do latín en distintas áreas da ciencia, filosofía, historia, literatura, arte, arquitectura e en xeral na cultura e historia de Occidente.</i></p>	<p>CL CMT CDIX AA CSC</p>
<p>12. <i>Ordenar os conceptos lingüísticos do alumnado, establecendo categorías, xerarquías, oposicións e relacións entre ámbitos lingüísticos diversos.</i></p>	<p>CL CMT CDIX AA</p>

<p>13. <i>Analizar e interpretar textos diversos (literarios, históricos, filosóficos), traducidos e orixinais, mediante unha lectura comprensiva, distinguindo as súas características esenciais e a súa evolución, e analizando a estrutura, o pensamento e a ideoloxía que neles se reflicte, cunha actitude crítica ante o mundo latino e o actual.</i></p>	<p>CL CDIX AA CSC SIEE CEC</p>
---	--

CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓN

PRIMEIRA AVALIACIÓN

1. Historia da lingua latina. Evolución do latín. As linguas románicas.
2. O alfabeto latino. A pronunciación latina.
3. Introducción á morfosintaxe latina. A morfoloxía latina. O sistema nominal. O sistema verbal.
4. Historia de Roma. Fases principais da expansión do Imperio e evolución político-social.
5. Primeira declinación. O presente de Indicativo. A oración simple.
6. A segunda declinación. Pretérito imperfecto de Indicativo. Outras funcións do acusativo.
7. O adxectivo de tres terminacións. O verbo "sum". A oración copulativa. Os complementos do nome.
8. A Hispania romana. Conquista romana. Romanización: principais aspectos e factores.

SEGUNDA AVALIACIÓN

9. A literatura latina: contexto social, histórico e cultural dos autores máis destacados nos xéneros máis importantes.
10. A terceira declinación: temas en consoante. Tema de perfecto. Modo indicativo. Funcións do Dativo e ablativo.
11. Terceira declinación: temas en -i. Adxectivos da terceira. O futuro imperfecto. Complementos circunstanciais de lugar.
12. Urbanismo e obras públicas: a cidade, a casa os monumentos.
13. Cuarta e quinta declinacións. O imperativo. O vocativo e a exclamación. O complemento predicativo.
14. A familia e a educación en Roma. Aprendizaxe práctica da retórica.
15. Grados do adxectivo. Participios e infinitivos. Sintaxe do superlativo e do comparativo.

TERCEIRA AVALIACIÓN

16. Pronomes persoais. Presente e imperfecto de subxuntivo. A oración composta por coordinación.

17. Pronomes relativo e interrogativo. Temas de perfecto en subxuntivo. A oración subordinada de relativo.

18. Os numeráis. A voz pasiva: tema de presente. Os verbos deponentes. A frase pasiva. As oracións subordinadas adverbiais.

19. A relixión romana a través das distintas épocas. A mitoloxía grecorromana.

20. Os demostrativos. Voz pasiva: tema de perfecto. Construcións de participio.

21. As preposicións. As oracións subordinadas sustantivas: completivas de infinitivo.

22. O calendario romano.

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

1. Identificar en textos sinxelos, orixinais ou elaborados, os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da frase.

2. Resumir o contido de textos latinos, preferentemente narrativos, e identificar as súas partes.

3. Pasar á lingua materna coa maior fidelidade posibles textos breves en lingua latina.

4. Recoñecer no léxico das linguas romances coñecidas e nas palabras de clara relación etimolóxica co latín o orixe latino e a súa evolución fonética, morfolóxica e semántica.

5. Identificar os aspectos máis relevantes da historia do pobo romano e da súa presenza na Península Ibérica e recoñecer as pegadas da cultura clásica nos diversos aspectos da civilización actual.

O alumno en calquera caso deberá ser quen de:

Situar no espazo e no tempo os fenómenos máis relevantes da civilización grega e da romana que permanezan vivos no contorno, confeccionando mapas e situando nos mesmos o desenvolvemento do imperio romano, as diferentes divisións administrativas de Hispania, as vías de comunicación e os topónimos latinos con especial atención a Gallaecia.

Identificar, agrupar e caracterizar prefixos e sufixos de orixe latina e grega, e analizar os helenismos e os latinismos da linguaxe científica e técnica e mesmo da linguaxe habitual, nas linguas galega e castelá.

Identificar os principais cambios no vocalismo e no consonantismo dende o latín ás linguas romances. Relacionar semanticamente cultismos e palabras patrimoniais con palabras latinas orixinais.

Aplicar os coñecementos teóricos á resolución práctica de problemas (traducir frases e textos latinos sinxelos).

Descubrir nas obras de creación das diferentes épocas da cultura occidental os principais mitos grecolatinos, os distintos estilos arquitectónicos, escultóricos e pictóricos do mundo clásico.

Recoñecer determinados costumes de hoxe ou tradicións aínda vivas á luz de textos ou situacións do mundo clásico.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Potenciarase o traballo individual do alumno, tanto nos aspectos teóricos (memorización de paradigmas, estudo da sintaxe), coma nos prácticos (traducción e interpretación das frases e textos). As explicacións do profesor procurarán conducir ao alumno a atopar o método lóxico de observación e análise lingüístico partindo da reflexión sobre o funcionamento da lingua. Primaranse fundamentalmente os contidos lingüísticos.

Os contidos históricos, literarios, culturais e mitolóxicos traballaranse tamén de feito individual mediante o estudo dos diversos temas, lecturas e realización dun traballo de investigación sobre un tema concreto do temario.

Como principio metodolóxico fundamental trataremos de fuxir da mera exposición de conceptos como do aprendizaxe memorístico e procurar a participación activa do alumno. Debemos poner en contacto a súa cultura coa propia do mundo clásico. O procedemento, sempre que sexa posible, será:

- Buscar no presente datos relacionados co tema a tratar.
- A partir do obtido e do que o alumno coñece por si mesmo ou acaba de coñecer coas explicacións do profesor, establecerá e buscará solucións e conexións entre o a súa realidade e a do mundo clásico.

Do aquí exposto pódese deducir que a aprendizaxe cimentarase esencialmente sobre a percepción, a reflexión e a resolución de exercicios.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliarase o progreso do alumno mediante a valoración do traballo na clase con corrección de exercicios, e realizarase unha proba obxectiva por avaliación.

O exame suporá o 60% da cualificación obtida polo alumno, e as notas obtidas na presentación das súas tarefas e traballos ata un 40%. O valor das probas estará condicionado segundo o alumno cumpla coas competencias clave, conditio sine qua non o profesor considerará cumpridos os obxectivos e asimilados os contidos no proceso de ensino e aprendizaxe.

Farase un exame de recuperación por avaliación, e os alumnos con algunha avaliación pendente terán que superar unha proba global teórico-práctica ó remate do curso, que neste caso suporá o 100% da nota final, atendendo tamén á consecución das competencias clave.

A dito exame poderán presentarse os alumnos aprobados para subir nota, que en ningún caso será inferior á cualificación xa obtida.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Diccionario Latino-Español, gramática latina, fotocopias e libros da biblioteca. Videos, diapositivas e diverso material audiovisual para ilustrar os contidos artísticos e mitolóxicos. O uso de Internet.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Coma obxectivos que persigan a atención ás diferencias individuais entre os alumnos, prantexamos:

- Practicar aqueles contidos nos que na aprendizaxe os alumnos adoitan amosar máis dificultades e presentan un nivel menos homoxéneo.
- Ampliar e profundizar na análise daqueles contidos que poidan responder a unha variedade de capacidades, intereses e motivacións por parte dos alumnos.

1º BACHARELATO LOMCE

ASIGNATURA	Grego I
PROFESORA	María Isabel Álvarez Baños

OBXECTIVOS DE GREGO I	COMPETENCIAS QUE CONTRIBÚE A DESENVOLVER
1. <i>Coñecer e comprender os aspectos básicos da morfoloxía e a sintaxe grega, para que o alumnado poida traducir e interpretar textos gregos axeitados a este nivel do ensino e relacionados con aspectos culturais.</i>	CL CMCT
2. <i>Reflexionar sobre os elementos fundamentais que conforman as linguas, aprofundando no coñecemento das súas estruturas e mellorando o uso da súa propia por semellanza ou diferenza coa grega.</i>	CL AA CSC CEC
3. <i>Ordenar os seus propios conceptos lingüísticos, establecendo categorías xerárquicas, oposicións e relacións entre ámbitos lingüísticos distintos.</i>	CL CMCT AA
4. <i>Identificar e interpretar un número apropiado a este nivel de étimos gregos no vocabulario do da súa lingua materna e outras linguas modernas estudadas.</i>	CL AA CEC
5. <i>Asimilar elementos culturais coa interpretación de textos orixinais sinxelos e a lectura doutros referentes aos distintos valores, costumes e formas de vida dos gregos.</i>	CL AA CSC SIEE CEC

<p>6. <i>Adquirir un léxico grego básico que lle facilite traducir e deducir o significado de palabras gregas derivadas.</i></p>	<p>CL SIEE</p>
<p>7. <i>Interpretar e analizar a estrutura e o contido dos diferentes textos presentados en tradución.</i></p>	<p>CL CMCT CSC CEC</p>
<p>8. <i>Valorar as achegas do mundo clásico como elemento integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes que conforman o ámbito cultural europeo ao que o alumnado pertence.</i></p>	<p>AA CSC SIEE CEC</p>
<p>9. <i>Investigar no pasado histórico do mundo grego e recoñecer os aspectos do mundo contemporáneo que se derivan daquel.</i></p>	<p>CMCT CDIX AA CSC SIEE CEC</p>
<p>10. <i>Buscar e investigar de forma crítica en documentos e fontes variadas de información, co fin de desenvolver técnicas de traballo intelectual que lles permitan profundar de forma individual no coñecemento da lingua e da cultura estudadas.</i></p>	<p>CL CMCT CDIX AA CSC SIEE CEC</p>
<p>11. <i>Crearse unha conciencia individual que lles axude a formarse opinións personais a través dos valores humanísticos da cultura grega.</i></p>	<p>AA CSC SIEE CEC</p>
<p>12. <i>Asimilar os valores éticos, estéticos, literarios, políticos, etc., da cultura grega, identificando nela as fontes de amplas parcelas do mundo contemporáneo.</i></p>	<p>AA CSC SIEE CEC</p>

<p>13. <i>Desenvolver o sentimento de pertenza á comunidade política, socioeconómica e cultural, asimilando os ideais de liberdade, democracia, igualdade, mesura e respecto ao ser humano que recibiron primeira formulación na cultura grega.</i></p>	<p>AA CSC SIEE CEC</p>
<p>14. <i>Adquirir as técnicas de traballo intelectual e os coñecementos científicos propios da materia de Grego para poder abordar con éxito o estudo da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais e, en xeral, para iniciarse nos mecanismos da investigación científica.</i></p>	<p>CL CMCT CDIX AA SIEE</p>
<p>15. <i>Adquirir unha sensibilidade artística e literaria que o estudo da cultura grega en todas a súas manifestacións (pensamento, arte, deporte, etc.) proporciona necesariamente como berce intelectual de Occidente, ao tempo que é axuda inestimable para relacionar contidos de diversas áreas de coñecemento.</i></p>	<p>CL AA SIEE CEC</p>

OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

A aprendizaxe do Grego contribuirá á consecución das capacidades enunciadas nos seguintes obxectivos xerais:

Que o alumno coñeza os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua grega para se iniciar na interpretación e na tradución de textos sinxelos.

Que o alumno reflexione sobre os elementos fundamentais que constitúen as linguas e sobre cómo éstas se inflúen reciprocamente no espazo e no tempo: compre que o alumno se familiarce cos elementos da lingua grega que o axuden á comprensión das modernas, entre elas a súa propia.

Que o alumno poida interpretar textos literarios, históricos e filosóficos, traducidos e orixinais do mundo grego antigo, comprender a súa estrutura, o pensamento e a ideoloxía neles reflectido, pero de xeito crítico e con proxección ó mundo no que el vive.

Que o alumno saiba buscar en documentos e fontes de información variadas os datos relevantes para o coñecemento da lingua, da historia e da cultura estudadas.

Que o alumno identifique os valores principais e máis característicos establecidos pola sociedade grega, e poida facer apreciación crítica da vinculación que teñan con formas de pensar actuais, por exemplo, o sentimento de pertenza á unha unidade política, social e cultural que é Europa, a tolerancia e respecto ós distintos pobos, etc.

CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓN

PRIMEIRA AVALIACIÓN

1. Escenario xeográfico, histórico e cultural da Grecia Antiga.
2. O grego como lingua indoeuropea.
3. Sistema gráfico e sistema fonolóxico do grego.
4. Concepto de flexión nominal. O artigo.
5. Declinación temática.
6. Tema de Presente, de Indicativo, Subxuntivo, Participio e Infinitivo dos verbos temáticos e do verbo copulativo.
7. Temas en -a. Adxectivos temáticos de 2 e 3 terminacións.
8. Pronombres personais e demostrativos. O relativo.
9. Estudo do léxico e familias de palabras contidos nos textos.
10. Mitoloxía e relixión.
11. Lectura comentada dunha selección da *Odisea*.

SEGUNDA AVALIACIÓN

1. Tema de Futuro e Aoristo de verbos temáticos.
2. Verbos atemáticos en presente e aoristo.
3. Características da terceira declinación, temas consonánticos.
4. Pronomes interrogativo, indefinido, anafórico, etc.
5. Adxectivos da terceira declinación.
6. Estudo do léxico e familias de palabras contidos nos textos.
7. Vida privada e pública de Esparta e Atenas.
8. Lectura comentada de dous traxedias.

TERCEIRA AVALIACIÓN

1. Temas vocálicos da terceira declinación.
2. Tema de Aoristo (asigmático) e de Perfecto: o enunciado verbal.
3. Voz Pasiva.

4. Adxectivos numerais.
5. Sintaxis modal.
6. Estudo do léxico e familias de palabras contidos nos textos.
7. O mundo do Teatro.

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

1. Identificar en textos sinxelos, orixinais ou elaborados, os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da frase.
2. Resumir o contido de textos gregos, preferentemente narrativos, e identificar a s súas partes.
3. Pasar á lingua materna textos breves en lingua grega.
4. Identificar os aspectos máis relevantes da historia do pobo grego e da sua influencia na historia e cultura dos pobos mediterráneos, identificando as súas aportacións en todos os ámbitos da cultura, e recoñecer as pegadas da cultura clásica nos diversos aspectos da civilización actual.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Potenciarase o traballo individual do alumno, tanto nos aspectos teóricos (memorización de paradigmas, estudo da sintaxe), coma nos prácticos (traducción e interpretación das frases e textos). As explicacións do profesor procurarán conducir ao alumno a atopar o método lóxico de observación e análise lingüístico partindo da reflexión sobre o funcionamento da lingua. Primaranse fundamentalmente os contidos lingüísticos.

Os contidos históricos, literarios, culturais e mitolóxicos traballaranse tamén de feito individual mediante o estudo dos diversos temas, lecturas e realización dun traballo de investigación sobre un tema concreto do temario.

Como principio metodolóxico fundamental trataremos de fuxir da mera exposición de conceptos como do aprendizaxe memorístico e procurar a participación activa do alumno. Debemos poner en contacto a súa cultura coa propia do mundo clásico. O procedemento, sempre que sexa posible, será:

- Buscar no presente datos relacionados co tema a tratar.
- A partir do obtido e do que o alumno coñece por si mesmo ou acaba de coñecer coas explicacións do profesor, establecerá e buscará solucións e conexións entre o a súa realidade e a do mundo clásico.

Do aquí exposto pódese deducir que a aprendizaxe cimentarase esencialmente sobre a percepción, a reflexión e a resolución de exercicios.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliarase o progreso do alumno mediante a valoración do traballo na clase mediante a corrección de exercicios, e realizarase unha proba obxectiva por avaliación.

O exame suporá o 60% da cualificación obtida polo alumno, e as notas obtidas na presentación das súas tarefas e traballos ata un 40%.

Avaliarase o progreso do alumno mediante a valoración do traballo na clase mediante a corrección de exercicios, e realizarase unha proba obxectiva por avaliación.

O exame suporá o 60% da cualificación obtida polo alumno, e as notas obtidas na presentación das súas tarefas e traballos ata un 40%. O valor das probas estará condicionado segundo o alumno cumpla coas competencias clave, conditio sine qua non o profesor considerará cumpridos os obxectivos e asimilados os contidos no proceso de ensino e aprendizaxe.

Farase un exame de recuperación por avaliación, e os alumnos con algunha avaliación pendente terán que superar unha proba global teórico-práctica ó remate do curso, que neste caso suporá o 100% da nota final, atendendo tamén á consecución das competencias clave.

A dito exame poderán presentarse os alumnos aprobados para subir nota, que en ningún caso será inferior á cualificación xa obtida.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Gramática grega, fotocopias e libros, vídeos e diversos materiais audiovisuais.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Coma obxectivos que persigan a atención ás diferencias individuais entre os alumnos, prantexamos:

- Practicar aqueles contidos nos que na aprendizaxe os alumnos adoitan amosar máis dificultades e presentan un nivel menos homoxéneo.
- Ampliar e profundizar na análise daqueles contidos que poidan responder a unha variedade de capacidades, intereses e motivacións por parte dos alumnos.

2º BACHARELATO LOE

MATERIA	Latín II
PROFESORA	María Isabel Álvarez Baños

OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

- 1.a. Coñece-los distintos recursos dos que se vale o latín para a formación de palabras.
- 1.b. Recoñece-los usos dos casos latinos de máis complexidade.
- 1.c. Verter á lingua propia oracións complexas (subordinadas).
- 1.d. Traducir textos tendo en conta a corrección de estilo na propia lingua, coa axuda do dicionario e outras fontes que permitan a contextualización dos textos.

- 2.a. Recoñece-los mecanismos principais da formación de palabras latinas; comproba-la súa evolución e tratamento na lingua propia e noutras de estudio.
- 2.b. Explica-lo significado de palabras da lingua materna, en usos habituais e no léxico específico das materias estudiadas, mediante o coñecemento de prefixos e sufixos de orixe grecolatina.

- 3.a. Recoñece-los trazos estruturais (argumento, espacio-tempo, personaxes, temas...) e propios dos diversos xéneros literarios.
- 3.b. Comparar eses trazos cos que presentan os xéneros literarios na actualidade, apreciando a súa evolución e permanencia.

- 4.a. Compara-la lingua materna con outras linguas obxecto de estudio e comprobar semellanzas e diferencias respecto da lingua latina.
- 4.b. Recoñecer e caracteriza-las linguas coñecidas segundo a súa relación coa lingua latina.
- 4.c. Aplica-los coñecementos recibidos a través do estudio da lingua latina na mellora da comprensión e expresión doutras linguas usuais.

5. Apreciar e valora-los elementos literarios herdados dos xéneros literarios latinos en obras producidas na actualidade.

- 6.a. Seleccionar e manexar fontes de información de índole diversa.
- 6.b. Elaborar hipóteses sobre temas propostos e expoñelas por escrito de forma coherente, co apoio de textos, ilustracións, inscricións...

7.a. Valora-las influencias e achegas procedentes da cultura e civilización latinas, así como aquelas outras das que ela mesma é portadora.

7.b. Apreciar, en textos e obras de calquera índole, mostras da herdanza latina, sabendo interpretalas con perspectiva histórica.

8.a. Valorar e aprecia-lo aprendido sobre a civilización e a lingua latinas como mostra dunha riqueza cultural que deu paso, ó longo do tempo, a unha sociedade plurilingüe e pluricultural.

8.b. Amosar tolerancia polas formas de pensamento alleas e non coincidentes coas propias, así como por calquera manifestación da propia cultura.

CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓN

PRIMEIRA AVALIACIÓN

- Repaso completo dos contidos de gramática latina do curso anterior.
- A subordinación: Oracións de infinitivo, o participio absoluto e concertado, o cum histórico, valores das conxuncións ut, cum e ne, interrogativas indirectas, oracións de relativo e tipos de subordinación adverbial.
- Análise e traducción de textos axeitados ós contidos gramaticáis.
- Lectura de textos escollidos de Tito Livio, Tácito e Ovidio.
- Visionado e comentario da película *Golfus de Roma*, de Richard Lester.
- Latinismos.

SEGUNDA AVALIACIÓN

- Análise e traducción de textos escollidos da obra de Eutropio.
- Uso do xerundio, o xerundivo e o supino. A atracción modal e a consecutio temporum.
- Lectura de comedias de Plauto.
- Lectura de textos escollidos de Catulo.
- Toponimia.

TERCEIRA AVALIACIÓN

- Análise e traducción de textos escollidos de Fedro.
- Verbos e substantivos irregulares e a conxugación perifrástica.
- A literatura latina: Cicerón, Horacio, Plauto, Tito Livio e Virxilio.
- Latinismos e toponimia.

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Alén dos esixidos no curso de latín I, os seguintes:

1. Peculiaridades da flexión nominal.
2. O infinitivo. A conxugación perifrástica activa e pasiva. O xerundio e o xerundivo.
3. Valores de ut, ne e cum.
4. Análise sintáctica e traducción de textos latinos que integren os contidos gramaticais e culturais estudados

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

No desenvolvemento desta materia, hase procurar un estudio que permita ó alumnado descubri-las posibilidades que ofrece a lectura de textos como fontes de información sobre a Antigüidade. Os textos aproveitaranse, ó mesmo tempo, como base para o desenvolvemento da expresividade e a creatividade. É necesario tamén contribuír á reflexión sistemática sobre a linguaxe, co fin de mellorar e enriquece-la propia competencia comunicativa.

Proponse tamén como finalidade a ampliación do propio vocabulario e, consecuentemente, a mellora da comprensión e expresión dos alumnos, mediante a realización de exercicios variados sobre léxico. Co estudio e a observación dos mecanismos de formación de palabras das linguas clásicas, o alumnado logrará aplica-los mesmos recursos ó estudio e manexo da súa lingua materna. Do mesmo xeito, e a través da lectura de textos específicos, poderá comproba-la procedencia clásica da maioría de termos relacionados cos distintos campos do saber humano.

O estudio da morfosintaxe latina enfocouse de forma funcional, de tal xeito que todo aquilo que o alumno/a aprenda a recoñecer o aplique inmediateamente na traducción de textos latinos e na retroversión. Buscáronse diversos niveis de dificultade de forma que os alumnos vaian profundando no seu estudio e comprensión, e apliquen os seus coñecementos na produción de textos, xa sexan traducións ou textos de creación propia.

Na presentación da cultura do mundo clásico, intervén tamén a observación de formas de organización social, política e relixiosa, así como o estudio dos principais aspectos históricos, culturais e artísticos da cultura latina. Preséntanse comparacións e contrastes deses aspectos, para comprender mellor a súa evolución e cómo se transformaron nas formas actuais de organización.

A materia desenvólvese tendo en conta a bagaxe cultural e lingüística do alumno e coa pretensión de amosarlle novos patróns expresivos que amplíen as súas posibilidades de comunicación na sociedade. Terán especial importancia a linguaxe que se empregue e a calidade e adecuación dos textos que se utilicen na clase, tanto os pertencentes á cultura latina coma os textos actuais que se introduzan para establece-las comparacións oportunas.

Ó mesmo tempo, débese cultiva-lo aprecio polas diferentes culturas e linguas, e o respecto pola realidade plurilingüe e pluricultural de España como produto directo da presenza e permanencia da cultura latina.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

En cada avaliación farase un exame que suporá o 100% da cualificación obtida polo alumno. Alén diso, o traballo persoal do alumno é de obrigado cumprimento e o non traelo feito máis de dúas veces suporá o suspenso na nota da avaliación. Ademáis faranse esporádicamente controis dos coñecementos teóricos de morfoloxía que non afectarán á cualificación do exame, aínda que a súa superación é necesaria, pois tratase de contidos xa avaliados no curso anterior.

A avaliación é continua, co que o feito de superar a terceira avaliación implica o aprobado do curso. A cualificación final será a media ponderada das tres avaliacións, de xeito que a terceira avaliación suporá o 50%, a segunda o 30%, e a primeira o 20% da nota. Redondearanse os decimais ó enteiro superior. Farase unha proba extraordinaria para aqueles alumnos que non superen a terceira avaliación, que suporá o 100% da cualificación obtida no curso. A dito exame poderán presentarse os alumnos aprobados na terceira avaliación para subir nota, que en ningún caso será inferior á cualificación da terceira avaliación.

De acordo co programa vixente, a labor de traducción, de coñecemento práctico da lingua latina, considérase básica e non substituíble por ningunha outra de estudos literarios, lingüísticos, histórico-culturais, etc. En consecuencia, dos dez (10) puntos posibles reservaranse seis (6) para a calificación da traducción; as respostas ó temario contribuirán á calificación final cun máximo de catro (4) puntos.

Na traducción consideraranse faltas os erros cometidos tanto na interpretación gramatical (morfoloxía e sintaxe) como na léxica (erro na consulta do dicionario). Valorarase positivamente a corrección e soltura sintáctica da traducción.

Nas preguntas valorarase tanto o contido -cantidae e calidade de coñecementos- como a forma en que son expostos -corrección e soltura sintáctica, ortográfica, etc.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Diccionario Latino-Español, gramática latina, fotocopias e libros da biblioteca. Videos, diapositivas e diverso material audiovisual para ilustrar os contidos artísticos e mitolóxicos.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Coma obxectivos que persigan a atención ás diferencias individuais entre os alumnos, prantexamos:

- Practicar aqueles contidos nos que na aprendizaxe os alumnos adoitan amosar máis dificultades e presentan un nivel menos homoxéneo.
- Ampliar e profundizar na análise daqueles contidos que poidan responder a unha variedade de capacidades, intereses e motivacións por parte dos alumnos.

2º BACHARELATO LOE

ASIGNATURA	Grego II
PROFESORA	María Isabel Álvarez Baños

OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

Esta materia debe contribuír a que o alumno sexa capaz de:

- 1 -Recoñecer en que medida o presente é resultado do pasado .
- 2- Identificar aqueles fenómenos culturais que partindo do pasado, seguen vivos na actualidade.
- 3- Recoñecer a orixe grecolatina das linguas galega e castelá, e das faladas na meirande parte de España e Europa.
- 4-Identificar os elementos lingüísticos e culturais que subxacen na cultura europea.
- 5-Perfeccionar as técnicas de manexo e interpretación de fontes antigas e contrastalas coas modernas.
- 6-Interesarse polo coñecemento da lingua en aspectos relacionados coa morfoloxía , léxico...e valorar os restos lingüísticos en prefixos, sufixos, raíces, topónimos, onomástica...así como recoñecer nas diversas linguas coñecidas e estudadas os fundamentos estruturais latinos, tomándoos como punto de apoio para a mellora do uso da propia lingua e a aprendizaxe doutras linguas.
- 7-Identificar na cultura propia, na hispánica e na europea as pegadas da civilización clásica.
- 8- Recoñecer os elementos lingüísticos e culturais procedentes do mundo clásico que subxacen na cultura europea.

CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓN

PRIMEIRA AVALIACIÓN

- Temas vocálicos da 3ª declinación .
- O aumento e os seus tipos.
- A reduplicación.
- O infinitivo: morfoloxía e sintaxe (infinitivo concertado e non concertado).
- O participio:morfoloxía e sintaxe (uso nominal e uso verbal).
- Os grados dos adxectivos: comparativos e superlativos.

- Etimoloxía.
- Traducción de textos da *Anábasis* de Xenofonte.
- Os xéneros literarios: a épica. Autores, temas e época.
- Lectura dos cantos 1, 6, 16 e 22 da *Iliada*.
- Xenofonte: obras, época e datos biográficos.
- A lírica: Safo, Alceo e Arquíloco. Temas, características e época.
- Lectura textos de Safo, Alceo e Arquíloco.

SEGUNDA AVALIACIÓN

- Modo subxuntivo: morfoloxía e usos.
- Modo optativo: morfoloxía e usos.
- Modo imperativo: morfoloxía e usos.
- Os verbos contractos.
- Os verbos consonánticos.
- Etimoloxía.
- Traducción de textos das *Helénicas* de Xenofonte. Textos de Platón.
- O teatro grego: circunstancias da representación, época, temática.
- A traxedia: autores e características.
- Sófocles: *Edipo Rei*.
- Lectura de *Edipo Rei*.

TERCEIRA AVALIACIÓN

- Os verbos atemáticos ou en - mi.
- Os verbos polirrizos: le/gw, (e)/rcomai, fe/rw.
- O aoristo segundo.
- As oracións circunstanciais: causais, temporais, finais, consecutivas, comparativas, condicionais e concesivas.
- O adxectivo verbal en - te/oj .
- Etimoloxía.
- Traducción de textos da *República* de Platón.
- A comedia antiga: Aristófanes. Temas e época.
- A comedia nova: Menandro. Temas e época.
- Lectura de *Asembleístas*, de Aristófanes.

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Traducción e comprensión de textos gregos seleccionados que non presente unha dificultade grande: Xenofonte, Platón... Recoñecemento dos fenómenos máis frecuentes de morfoloxía e sintaxe sobre eses mesmos textos. Comprensión e valoración do que a cultura grega significou para a civilización occidental: étimos principais do léxico culto, técnico e científico. As grandes figuras da Historia Grega: Arte, Literatura e Pensamento, coñecemento e comprensión das liñas básicas da súa obra.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

No desenvolvemento desta materia, hase procurar un estudio que permita ó alumnado descubri-las posibilidades que ofrece a lectura de textos como fontes de información sobre a Antigüidade. Os textos aproveitaranse, ó mesmo tempo, como base para o desenvolvemento da expresividade e a creatividade. É necesario tamén contribuír á reflexión sistemática sobre a linguaxe, co fin de mellorar e enriquece-la propia competencia comunicativa.

Proponse tamén como finalidade a ampliación do propio vocabulario e, consecuentemente, a mellora da comprensión e expresión dos alumnos, mediante a realización de exercicios variados sobre léxico. Co estudio e a observación dos mecanismos de formación de palabras das linguas clásicas, o alumnado logrará aplica-los mesmos recursos ó estudio e manexo da súa lingua materna. Do mesmo xeito, e a través da lectura de textos específicos, poderá comproba-la procedencia clásica da maioría de termos relacionados cos distintos campos do saber humano.

O estudio da morfosintaxe latina enfocouse de forma funcional, de tal xeito que todo aquilo que o alumno/a aprenda a recoñecer o aplique inmediatamente na traducción de textos gregos e na retroversión. Buscáronse diversos niveis de dificultade de forma que os alumnos vaian profundando no seu estudio e comprensión, e apliquen os seus coñecementos na produción de textos, xa sexan traducións ou textos de creación propia..

Na presentación da cultura do mundo clásico, intervén tamén a observación de formas de organización social, política e relixiosa, así como o estudio dos principais aspectos históricos, culturais e artísticos da cultura grega. Preséntanse comparacións e contrastes deses aspectos, para comprender mellor a súa evolución e cómo se transformaron nas formas actuais de organización.

A materia desenvólvese tendo en conta a bagaxe cultural e lingüística do alumno e coa pretensión de amosarlle novos patróns expresivos que amplíen as súas posibilidades de comunicación na sociedade. Terán especial importancia a linguaxe que se empregue e a calidade e adecuación dos textos que se utilicen na clase, tanto os pertencentes á cultura grega coma os textos actuais que se introduzan para establece-las comparacións oportunas.

A materia desenvólvese tendo en conta a bagaxe cultural e lingüística do alumno e coa pretensión de amosarlle novos patróns expresivos que amplíen as súas posibilidades de comunicación na sociedade. Terán especial importancia a linguaxe que se empregue e a calidade e adecuación dos textos que se utilicen na clase, tanto os pertencentes á cultura grega coma os textos actuais que se introduzan para establece-las comparacións oportunas.

Ó mesmo tempo, débese cultiva-lo aprecio polas diferentes culturas e linguas, e o respecto pola realidade plurilingüe e pluricultural de España como produto directo da presenza e permanencia da cultura grega.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

En cada avaliación farase un exame que suporá o 100% da cualificación obtida polo alumno. Alén diso, o traballo persoal do alumno é de obrigado cumprimento e o non traelo feito máis de dúas veces suporá o suspenso na nota da avaliación. Ademáis faranse esporádicamente controis dos coñecementos teóricos de morfoloxía que non afectarán á cualificación do exame, aínda que a súa superación é necesaria, pois tratase de contidos xa avaliados no curso anterior.

A avaliación é continua, co que o feito de superar a terceira avaliación implica o aprobado do curso. A cualificación final será a media ponderada das tres avaliacións, de xeito que a terceira avaliación suporá o 50%, a segunda o 30%, e a primeira o 20% da nota. redondearanse os decimáis ó enteiro superior. Farase unha proba extraordinaria para aqueles alumnos que non superen a terceira avaliación, que suporá o 100% da cualificación obtida no curso. A dito exame poderán presentarse os alumnos aprobados na terceira avaliación para subir nota, que en ningún caso será inferior á cualificación da terceira avaliación.

De acordo co programa vixente, a labor de traducción, de coñecemento práctico da lingua latina, considérase básica e non substituíble por ningunha outra de estudos literarios, lingüísticos, histórico-culturais, etc. En consecuencia, dos dez (10) puntos posibles reservaranse oito (8) para a calificación da traducción; as respostas ó temario contribuirán á calificación final cun máximo de dous (2) puntos.

Na traducción consideraranse faltas os erros cometidos tanto na interpretación gramatical (morfoloxía e sintaxe) como na léxica (erro na consulta do dicionario). Valorarase positivamente a corrección e soltura sintáctica da traducción.

Nas preguntas valorarase tanto o contido -cantidae e calidade de coñecementos- como a forma en que son expostos -corrección e soltura sintáctica, ortográfica, etc.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Gramática grega, fotocopias e libros, vídeos e diversos materiais audiovisuais. Ademais, o alumno debe dispoñer dun diccionario grego-español.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Coma obxectivos que persigan a atención ás diferencias individuais entre os alumnos, prantexamos:

- Practicar aqueles contidos nos que na aprendizaxe os alumnos adoitan amosar máis dificultades e presentan un nivel menos homoxéneo.
- Ampliar e profundizar na análise daqueles contidos que poidan responder a unha variedade de capacidades, intereses e motivacións por parte dos alumnos.

ANEXO 1: ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Nunha concepción integral da educación, os temas transversais son fundamentais para procurar que os alumnos adquiran comportamentos responsables na sociedade, respectando as ideas e crenzas dos demais. Para unha correcta inclusión dos temas transversais na programación da materia, é conveniente precisar o significado de cada ensinanza transversal e adecuar os temas transversais á programación didáctica.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS	SIGNIFICADO	ADECUACIÓN Á PROGRAMACIÓN
Educación para a convivencia	<ul style="list-style-type: none"> - Respecto á autonomía dos demais. - Diálogo como forma de solución de diferenzas. 	Fomentar o diálogo como solución de diferenzas, mediante a análise de situacións da historia de Grecia e Roma.
Educación para a saúde	<ul style="list-style-type: none"> - Adquirir un coñecemento progresivo do corpo, das súas principais anomalías e enfermidades, e a forma de previlas e curalas. - Desenvolver hábitos de saúde. 	Resaltar os hábitos de saúde e costumes existentes entre os gregos e romanos e deducir consecuencias destes.
Educación para a paz	<ul style="list-style-type: none"> - Xerar posicións de defensa da paz mediante o coñecemento de persoas e institucións significativas. - Preferir a solución dialogada de conflitos. 	Analizar e recoñecer as achegas históricas, políticas e literarias de Grecia e Roma no fomento da paz, as relacións entre os pobos e a convivencia.
Educación non sexista	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver a autoestima e concepción do propio corpo como expresión da personalidade. - Analizar críticamente a realidade corrixir xuízos sexistas. - Consolidar hábitos non discriminatorios. 	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer en textos clásicos situacións de discriminación por razón de sexo. - Reflexionar e sacar consecuencias das situacións observadas para evitar a discriminación.

Educación ambiental	<ul style="list-style-type: none"> - Comprensión dos principais problemas ambientais. - Responsabilidade ante o medio ambiente. 	<ul style="list-style-type: none"> - Deducir da postura dos gregos e romanos ante o universo, posicións de respecto ou desprezo ante a natureza. -Identificar e respectar no ámbito restos arqueolóxicos clásicos.
Educación sexual	<ul style="list-style-type: none"> - Adquirir información suficiente e científica de todos os aspectos relativos á sexualidade. - Consolidar actitudes de naturalidade no tratamento de temas relacionados coa sexualidade. - Elaborar criterios sobre o uso discriminatorio da sexualidade. 	<p>Analizar e comentar hábitos sexuais dos gregos e romanos dentro do seu contexto histórico e confrontalos coas concepcións actuais.</p>
Educación para Europa	<ul style="list-style-type: none"> - Adquirir unha cultura de referencia europea en xeografía, historia, linguas, institucións, etc. - Desenvolver a conciencia de identidade europea. 	<p>Apreciar a pervivencia e transcendencia do legado grego e romano en Europa.</p>

ANEXO 2: FERRAMENTAS COMÚNS DE AVALIACIÓN COMPETENCIAL E AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Indicadores de logro:

1 = Escaso.

2 = Básico.

3 = Satisfactorio.

4 = Moi avanzado.

5 = Excelente.

NOME					
ITEMS	1	2	3	4	5
- Interesouse e esforzouse en realizar a tarefa.					
- Colaborou co compañeiro.					
- Sabe buscar información en internet, descartando as páxinas web inadecuadas.					
- Domina as habilidades informáticas necesarias.					
- Realiza resumos, seleccionando o fundamental da información, evitando o cortar e pegar sen ler nin comprender.					
- Realizou ás actividades.					
- Realizou un mapa conceptual propio.					
- É capaz de responder de forma oral ou escrita a cuestións relacionadas co contido da unidade.					
- Traballou de forma autónoma.					
- Participou na actividade de gran grupo, expresando as súas ideas con corrección e claridade.					

UNIDADE					
ITEMS	1	2	3	4	5
- Os obxectivos e contidos propostos son adecuados aos alumnos.					
- Os obxectivos, contidos e metodoloxía propostos despertaron o interese dos alumnos.					
- A metodoloxía utilizada favoreceu a consecución dos obxectivos propostos.					
- Os materiais utilizados foron adecuados.					
- As actividades axudaron a afondar sobre o tema.					
- A temporalización axustouse ás necesidades e obxectivos de cada fase.					
- Os instrumentos de avaliación foron doados de aplicar e serviron para a recollida de todos os datos necesarios.					
- Os criterios de avaliación permiten descubrir os acertos e fallos do proceso.					

ANEXO 3: ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O Departamento de Linguas Clásicas fará ao longo do curso unha serie de obradoiros didácticos nas diversas materias e niveis como Obradoiro de soportes de escritura latina e grega, Obradoiro de escrituras ideográficas e de graffitis, Obradoiro de escola de gladiadores, Obradoiro de exército romano, Obradoiro de beleza na Antigüidade e Obradoiro de cocina grega e romana.

Segunda avaliación, finais de febreiro ou marzo: Xornadas de Teatro Grecolatino en Lugo ou en Ourense. Duración: 1 día, prorrogable a máis en virtude do interese e da prolongación da actividade en colaboración con outros departamentos, en especial o de Galego.

Viaxe a Roma, tamén na segunda avaliación.

Visita á vila romana de Toralla. Segunda ou terceira avaliación.

I Olimpíada I.E.S. Escolas Proval, en colaboración co Departamento de Educación Física. Terceira avaliación.

ÍNDICE:

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	2
OFERTA EDUCATIVA	3
ÁMBITO LEGAL	4
COMPETENCIAS BÁSICAS/COMPETENCIAS CLAVE	5
A AVALIACIÓN INICIAL	13
XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN	15
CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS	16
CULTURA CLÁSICA 3º ESO	17
CULTURA CLÁSICA 4º ESO	24
LATÍN 1º BACH	27
GREGO 1º BACH	33
LATÍN 2º BACH	39
GREGO 2º BACH	44
ANEXO 1: ELEMENTOS TRANSVERSAIS	49
ANEXO 2: FERRAMENTAS COMÚNS DE AVALIACIÓN COMPETENCIAL E AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE	51
ANEXO 3: ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	53